



Expediente núm.: 346/2024
Informe de Intervención
Procedemento: Concurso Embelecer Valga 2024
Asunto: Concurso Embelecer Valga 2024
Documento asinado por: O interventor

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 16 de maio de 2024, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente convocar o Concurso Embelecer Valga 2024.

Visto que con data 16 de maio de 2024, emitíuse informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado do concurso e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

Examinada a documentación que a acompaña,

RESOLVO,

PRIMEIRO. Aprobar as bases do Concurso Embelecer Valga 2024, co texto que figura a continuación da presente resolución.

SEGUNDO. Proceder á publicación das mesmas na sede electrónica do concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde,

José M^a Bello Maneiro





CONCURSO EMBELECER VALGA 2024

Bases reguladoras para o concurso EMBELECER VALGA 2024 organizado polo Concello de Valga

PREÁMBULO

Embelecer Valga é un proxecto centrado en incentivar a participación veciñal para facer do lugar onde viven un espazo deseñado ao seu gusto.

Por este motivo e para fomentar a participación social nas actividades desenvolvidas, o concello convoca o CONCURSO DE EMBELECER VALGA 2024.

BASES DA CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR O CONCURSO EMBELECER VALGA 2024

1.- OBXETIVO:

O proxecto baséase na rehabilitación, o acondicionamento e o coidado de espazos e zonas comúns, por parte dos/as veciños/as deses lugares, para o seu posterior gozo de toda a comunidade, incluíndo os/as visitantes que se acheguen.

O obxectivo fundamental deste proxecto está centrado en incentivar a participación veciñal para facer, do lugar onde viven, un espazo deseñado ao seu gusto. Con estas accións comunitarias tamén se fomentan valores como a integración e unión social, o traballo en equipo no desenvolvemento común, así como o respecto polos espazos e mobiliario públicos e a posta en valor do coidado das contornas e o medio ambiente.

Este ano como novidade, os premios dividiranse en dúas categorías diferentes; obra nova e mantemento.

2.- PRESUPOSTO DISPOÑIBLE:

- ❖ 1.600 euros seguros en premios, máis a maiores 100 euros por cada comisión participante, non podendo especificar esta cantidade ata o momento no que remate o prazo de presentación; realizándose este gasto con cargo á partida 9120.22601.
- ❖ 200 euros, en trofeos, realizándose o gasto con cargo á partida 9120.22601
- ❖ Non se poderá superar o investimento de 6.000 euros por obra nova; nin o límite de 300 euros para os traballos de mantemento; salvo casos excepcionais e que estean debidamente xustificadas.





- ❖ O importe inicial estimado ascenderá a 70.000€, sen prexuízo de que poida ser ampliado; realizándose o gasto con cargo á partida 1710.78000.
- As cantidades destinadas a esta convocatoria estarán repartidas da seguinte forma:
 - ❖ Obra nova:
 - Primeiro premio: 300 euros
 - Segundo premio: 200 euros
 - Terceiro premio: 100 euros
 - 100 euros para cada comisión participante.
 - ❖ Mantemento:
 - Primeiro premio: 500 euros
 - Segundo premio: 300 euros
 - Terceiro premio: 200 euros
 - 100 euros para cada comisión participante.

3.- PARTICIPACIÓN:

A participación está condicionada aos seguintes criterios:

- ❖ Administrativos:
 - Creación dunha comisión que pode ter carácter veciñal, asociativo, ou de calquera outro tipo, que cubrirá unha solicitude onde apareza o/a representante e un mínimo de tres persoas asinantes.
 - Presentación dunha memoria descritiva que reflicta a actuación que se pretende levar a cabo coa delimitación do espazo no cal se vai a intervir. Esta memoria descritiva permitirá ao concello valorar a viabilidade das accións. Técnicos do Concello serán os encargados de avaliar os proxectos e aprobar, total ou parcialmente, as actuacións propostas polos grupos veciñais. Tamén se encargarán da entrega do material necesario para a execución das obras aprobadas.

A memoria descritiva deberá ter unha estrutura e planificación clara, cunha exposición o máis próxima posible á acción que se pretende executar, así como dos recursos materiais a usar e a súa xestión. Tamén deberá incluír unhas fotografías do lugar no momento de facer a solicitude de participación.
 - O incumprimento da memoria, nas partes esenciais, determinará a exclusión do concurso da comisión responsable.

Ademais, as actuación non autorizadas, dependendo da gravidade das mesmas, poderán ocasionar unha sanción económica e a obriga de restitución ao estado orixinal do lugar afectado, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir por calquera actuación levada a cabo.





❖ Obra nova

- Poderán participar todos aqueles lugares que na súa memoria descritiva soliciten a creación dun novo espazo ou rehabilitación de algún ben que estea abandonado e haxa que levar a cabo unha obra maior para a súa conservación ou reestruturación. Neste caso o concello aportará todos os materiais, permisos e axuda técnica para levar a cabo dita construción ou rehabilitación solicitada.

❖ Mantemento:

- Todos os lugares que xa dispoñen de construcións feitas tales como parques, centros sociais ou culturais, xardíns acondicionados, estruturas rehabilitadas etc, só poderán participar en esta categoría.
- Os lugares que xa dispoñen de espazos creados e reformados en edicións anteriores só poderán participar en esta categoría e optar aos premios de mantemento e conservación desta edición.
- Premiarase o mantemento levado a cabo durante todo o ano do lugar participante. O concello subvencionará unha cantidade fixa que a comisión veciñal destinará a compra de material de mantemento, xardiñeiría, limpeza ou obras miúdas a levar a cabo no espazo.

❖ Medioambientais:

- Potenciar a conservación e mellora da paisaxe e espazos públicos.
- A recuperación de elementos xa existentes.

❖ Urbanísticos:

- Habilitar o uso de espazos públicos con elementos axeitados (plantas, mobiliario urbano...) ao uso final por parte da comunidade, tendo en conta as necesidades de mobilidade e integración social.
- Enseño para escoller e utilizar materiais e recursos dispoñibles na zona.
- Uso de materiais acorde ao entorno.
- Promover os xogos tradicionais, pintándoos no propio chan como mariola, tres en raia, xadrez... ou destinando un espazo específico para o desenvolvemento en xogos como a chave, a rá, a petanca...

❖ Patrimoniais:

- Recuperar, conservar elementos característicos que poidan existir en cada lugar que, sen ter protección patrimonial (nos cales están prohibidas as actuacións sen permisos específicos), poidan ser susceptibles de ser conservados.
- Fomentar a difusión do idioma e a cultura propia do lugar, integrando refráns, debuxos, poemas, esculturas, lendas, cantigas...





❖ Concello:

- Apoio normativo para as actuacións a levar a cabo.
- O Concello será o encargado da dotación material axeitada, segundo valoracións consensuadas polas dúas partes.

❖ A comisión:

- Planificación clara tendo en conta as necesidades e o tipo de sociedade á que vai dirixida a transformación do espazo público.
- Imaxinación para o aproveitamento dos propios recursos do lugar a acondicionar.
- A aceptación da execución dos traballos manuais que sexan precisos, así como a posterior organización para o mantemento e conservación.

4.- PARTICIPANTES:

Aberto a todos os lugares das distintas parroquias do concello.

5.- INSCRIPCIÓN:

Esta inscrición farase de modo presencial no Concello de Valga, na sede electrónica do concello ou a través do correo electrónico comunicacion@valga.gal por un representante de cada comisión do lugar.

6.- XURADO:

O Xurado estará composto por:

- Concelleira de Turismo
- Concelleiro de Cultura
- Concelleiro de Patrimonio
- Un/unha representante de cada comisión de cada lugar participante.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, obxectividade e non discriminación. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera oportuno. Unha vez cubertas as fichas de valoración queda prohibida a modificación de datos, quedando excluído dos premios a actuación que realice a infracción. Si algún participante non tivese representación na valoración de votos, o resto de actuacións partirán de 12 puntos a maiores para que se reflexe a igualdade entre todos os participantes. Rematado o reconto total de puntos as fichas de valoración serán entregadas ós responsables do concello para adxuntar as actas finais.





Calquera imprevisto non recollido nas bases, será o xurado composto pola Concelleira de Turismo, o Concelleiro de Cultura e o Concelleiro de Patrimonio os que valoren e tomen a decisión de resolución final se non houberse consenso entre todos os compoñentes do xurado.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Os criterios de valoración serán acordes ao solicitado nos criterios de participación. Deste xeito puntuaranse os seguintes aspectos:

- Adecuación final á memoria presentada.
- Orixinalidade e creatividade nos deseños e elementos decorativos.
- Aproveitamento dos recursos e materiais da zona e adecuación dos novos ás características propias da contorna.
- Conservación e deseño de espazos verdes tales como xardíns, zonas recreativas...
- Recuperación de elementos existentes característicos do lugar e usos de materiais en elementos decorativos e ornamentación floral
- Promoción de elementos tradicionais e fomento da cultura e tradición locais.
- Execución veciñal das obras e deseños dende o inicio do proceso de elaboración.
- Execución ou restauración de novos espazos.

8.- PRAZOS :

- ❖ Prazo de presentación de solicitudes e proxectos.
Ata o 31 de maio
- ❖ Prazo de execución do proxecto:
Ata o penúltimo fin de semana do mes de agosto, data na que o xurado visitará os lugares para a súa avaliación.
- ❖ Entrega de premios:
Os lugares gañadores do concurso serán anunciados durante os actos do día da Festa da Anguía e da Caña do País.

9.- PREMIOS :

Establécense os seguintes premios:

Honoríficos e económicos:

- ❖ OBRA NOVA:
 - Primeiro premio: Trofeo + 300 euros
 - Segundo premio: Trofeo + 200 euros
 - Terceiro premio: Trofeo + 100 euros





❖ MANTEMENTO:

- Primeiro premio: Trofeo + 500 euros
- Segundo premio: Trofeo + 300 euros
- Terceiro premio: Trofeo + 200 euros

❖ CONMEMORATIVOS:

- Diploma conmemorativo da participación a todas as comisións participantes.

Cada comisión participante:

- 100,00 euros

Os premios económicos serán en forma de vales que se poderán trocar no concello pasados 15 días dende a súa entrega nun prazo de 2 meses.

10.- RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

